

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º BACHARELATO CURSO 2023-2024:

1. AVALIACIÓN:

a) **Inicial:** A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar e comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

A tal fin realizarei en primeiro lugar unha análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior, mediante o diálogo nos primeiros días de aulas acadaremos un coñecemento xeral da situación emocional do alumnado e, finalmente, a través dunha prova escrita coñeceremos cal é o seu grado de consecución das habilidades, coñecementos e procedementos elementais para a materia (conceptos clave, recoñecemento de épocas e autores significativos...)

b) **Continua:** levarase a cabo mediante o debate, posta en común de actividades e traballos, corrección de exercicios que podemos dividir nos seguintes tipos:

- *Actividades conceptuais.* Nelas os alumnos e alumnas deberán ser capaces de manexar un vocabulario específico e definir con precisión e claridade os conceptos centrais de cada unidade.
- *Actividades de comentario de texto.* Fundamentalmente, o alumnado debe ser capaz de analizar un texto, identificando o seu tema, tese, ideas secundarias así como os argumentos ou estruturas de razoamento do texto.
- *Actividades de síntese.* Este tipo de actividades están orientadas á comprensión dos contidos temáticos das diferentes unidades e á reelaboración dos devanditos contidos. O alumnado debería poder entender e expoñer os principais puntos do tema e razoar a partir deles.
- *Actividades de razoamento e argumentación.* Supoñen unha maior autonomía por parte do alumnado, posto que debe elaborar unha idea fundamentada e apoiada nunha serie de argumentos. Esta actividade pode realizarse de forma escrita, como unha redacción, unha toma de postura ante unha tese, etc., ou oralmente, nunha exposición pública ou nun debate. Durante os trimestres realizarase como mínimo dúas probas escritas onde se avaliarán os contidos do curso mediante: comentarios de texto, preguntas de desenvolvemento ou concreción teórica (definicións, preguntas de resposta breve, test...), exposición da relación entre autores...

Por último, faise constar que copiar na proba de control escrita ou en calquera dos outros traballos é motivo de suspenso inmediato na avaliación. Igualmente cabe indicar que se a profesora da materia tivese dúbidas razoables acerca da licitude dos medios empregados por algún alumno ou alumna para obter unha determinada cualificación nun exame poderá esixirille no prazo dunha semana que se someta a unha defensa oral da materia correspondente.

Durante cada un dos trimestres a profesora propondrá diferentes traballos monográficos ou sobre libros de lectura que serán avaliados mediante a redacción das súas conclusións, a defensa dunha tese, exposición pública ou debate.

c) **Final:** A nota final do alumnado responde a seguinte proporción a. 2 Exames trimestrais: **80%**

Para a cualificación desas probas seguirase un criterio global. Terase en conta non so a mera exposición de contidos senón tamén a precisión e o rigor na exposición, a coherencia e o nivel de profundidade acadado, a orixinalidade e a capacidade crítica -expresións de madurez persoal- va- lorándose ademais o esforzo por aplicar os coñecementos adquiridos.

En calquera caso os criterios de cualificación virán determinados polos seguintes criterios de avaliación xeral:

- A habilidade na construción de conceptos e o seu uso efectivo nas diferentes actividades.
- Capacidade de análise dos problemas relacionados así como da xustificación dos distintos argumentos e contra-argumentos nos debates ou resolución de dilemas.
- Desenvolvemento das capacidades de razoamento, sentimentos e vontade na elaboración da personalidade e a toma de decisións.
- Ser quen de separar e distinguir os ámbitos privado e público para o ámbito das decisións e accións humanas.
- Procurar a integración e coherencia entre os coñecementos teóricos dos valores e a aplicación e uso dos mesmos nas súas accións cotiás no centro de ensino.

b. Traballo na aula e participación activa: **10%**

c. Traballos monográficos ou traballos sobre libros de lectura: **10%**

2. PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN: ordinaria e extraordinaria

a) **Ordinaria:** O sistema de recuperación de cada avaliación suspensa ó longo do curso constará dunha proba escrita de semellantes características e contidos que os apuntados para as probas ordinarias. A nota da recuperación virá determinada polos mesmos principios arriba apuntados. A este respecto, cabe realizar as seguintes puntualizacións:

- Haberá unha recuperación para cada avaliación suspensa ou para subir nota (neste último caso sempre se porá a nota desta recuperación).
- Un alumno/a que, chegado xuño, teña unha avaliación suspensa cun 3 ou máis, pode aprobar directamente na avaliación final (xuño) sempre que a media das tres avaliacións supere os 5 puntos.
- Un alumno/a que teña 2 avaliacións suspensas deberá recuperar toda a materia.
- Un alumno/a que, chegada a convocatoria ordinaria de xuño, non obteña o aprobado, deberá facer a recuperación de todo o curso
- En canto as cualificacións, cabe apuntar que **só a partir das 55 décimas**, se transforma a nota no número enteiro seguinte. A nota final será a media aritmética das notas das tres avaliacións tendo en conta que o cálculo da media do curso farase coa nota real (coas décimas obtidas) e non coa nota oficial (os números enteiros).

b) **Extraordinaria:** A avaliación extraordinaria constará dunha proba escrita de semellantes características as cuestións teóricas, comentarios de texto ou traballos ordinarios desenvolto durante o curso. A nota da proba virá determinada polos mesmos principios arriba apuntados.